

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS – Subdirección Xeral de Recursos Humanos - Servizo de Secundaria e Primaria

Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei Orgánica de Educación para a atención e desenvolvemento do Proxecto Abalar.

TEXTO:

Pola Orde do 12 de maio de 2010 (DOG do 28 de maio) convocouse concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei Orgánica de educación para a atención e desenvolvemento do Proxecto Abalar.

En aplicación do disposto no artigo oitavo da orde de convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Primeiro.- Facer pública, no anexo que se xunta, a adxudicación dos postos obtidos no concurso público, convocado pola referida Orde.

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo oitavo da Orde do 12 de maio de 2010 (DOG do 28 de maio), o persoal seleccionado quedará adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2010 e cesarán nos seus postos de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano, con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro.- As prazas adxudicadas serán por un período dun ano, renovable ano a ano, ata un máximo de

seis.

Cuarto.- Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xuridición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Jesús Vázquez Abad

ANEXO

Posto	Nome e Apelidos
Apoio aos Centros-Carballo	Manuel Ángel García Gómez
Apoio aos Centros-Ortigueira	Jesús Emilio Franco Arias
Apoio aos Centros-Ferrol	Ramón Luis Gil Sánchez
Apoio aos Centros-Ourense	Alejandro González Quintana
Apoio aos Centros-Pontevedra	José María Cerviño Varela
Asesoría Abalar-Subdirección Xeral de Sistemas	José Luis Barreiro Cebey José Enrique Mourón Regueira Pablo Nimo Liboreiro
Asesoría Abalar-Subdirección Xeral de Desenvolvemento	Jesús Calvo Mallón
Asesoría de Contidos Abalar-Dirección Xeral de Educación	Miguel Ángel Valín Martín M ^a Esperanza Gesteira Losada